



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEDA

Exposición pública do padrón fiscal da taxa polas entradas de vehículos a través das beirarrúas e outros terreos de uso público, reserva de vía pública de aparcamento e carga e descarga de mercadorías de calquera clase

Exposición pública do padrón fiscal da taxa de pasaxes permanentes do ano 2026

Polo acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de setembro de 2026 aprobouse o padrón fiscal de contribuíntes do ano 2026 relativo á taxa polas entradas de vehículos a través das beirarrúas e outros terreos de uso público e reserva de vía pública de aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Exposición: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días a contar dende o día seguinte á publicación deste Edicto no BOP, o cal ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e artigo 24 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación

Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Período de cobramento: O prazo de cobramento, en período voluntario, será de DOUS meses contados a partir do día seguinte á publicación no BOP. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Carga de recibos domiciliados: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, envíananse ás respectivas entidades de depósito para que sexan cargados nas contas dos seus clientes.

Recursos: Contra as débedas consignadas no padrón contributivo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- Reposición: ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

- Contencioso-administrativo: ante o Tribunal de Instancia, sección contencioso-administrativa de Ferrol, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición se é expresa, e no prazo de 6 meses dende a súa interposición, se non o fose.

- Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

Vila de Neda, 16 de setembro de 2026

O alcalde

Angel Alvariño Saavedra